



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

Aprobación das bases do programa FOI00A/2026

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases reguladoras do Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de programas en políticas de xénero no ano 2026, cuxo texto se transcribe:

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O MANTEMENTO EN POLÍTICAS DE XÉNERO NO ANO 2026. (FOI00A/2026)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección	Sección de Servizos Sociais
Anualidade	2026
Denominación	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento en políticas de xénero no ano 2026
Entidades beneficiarias	Entidades sen ánimo de lucro con domicilio social na provincia da Coruña ou que desenvolvan a súa actividade na mesma.
Programa	FOI00A/2026
Aplicación orzamentaria	0611/23122/481
Importe da convocatoria	600.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 1.250 €, máximo 100.000 €
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 1.000 €, máximo 40.000 €. Outros límites: No caso de solicitar unha petición para mantemento (FOI00A) e outra para investimento (FOI00B) o importe máximo do importe que se concederá conxuntamente é 60.000 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento	Do 0,20 ao 0,80
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido no artigo 13.4 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e na seguinte normativa específica:

- Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Real Decreto-lei 9/2018 de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia.
- Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato a e non discriminación
- Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 2º: Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1. Obxecto

2.1.1. Servizos, programas e actividades subvencionadas

Serán obxecto desta convocatoria os servizos, programas ou actividades contemplados nesta base.

Poderase solicitar un só código e un só tipo de programa dos enmarcados en cada código.

A denominación do obxecto da subvención recollido na solicitude deberá reflectir correctamente o seu contido, indicándose código, nome do programa que corresponda co código, e título do seu programa (Exemplo: EI4- Programa de conciliación. Campamento de verán). De non ser así, poderá modificálas de oficio a Sección de Servizos Sociais. A denominación modificada será a que figure nas resolucións de concesión.

A Sección de Servizos Sociais poderá remitir as peticións ao código correspondente dentro da mesma convocatoria cando se estime que a solicitude está mal presentada.

No caso de que se estime que a petición encaixa noutra convocatoria da Sección de Servizos Sociais poderase realizar de oficio o cambio, despois do consentimento da entidade interesada.

PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Códigos:

EI-1 EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

Tipos de proxectos subvencionables:

- Programa formativo ou de sensibilización sobre a creación, consolidación e participación de mulleres nas organizacións e asociacións, así como sobre a importancia de que en igualdade de condicións as mulleres ocupen postos directivos e de responsabilidade, para unha participación máis activa da vida pública.
 - Programas e accións de dinamización das mulleres do medio rural para que participen da vida pública e dispoñan de espazos de encontro onde se traballe con perspectiva de xénero.
- Estes proxectos poderán incorporar: accións interxeracionais que impulsen o intercambio de saberes e a transmisión da memoria colectiva, iniciativas con enfoque ecofeminista, que recoñezan o papel fundamental das mulleres na defensa e sustentabilidade do territorio, actividades orientadas ao benestar físico, emocional e social, que contribúan a un envellecemento activo, ou, entre outros, o traballo específico na prevención e abordaxe da soidade non desexada, favorecendo a creación de vínculos coa comunidade.

EI-2 FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO E SENSIBILIZACIÓN DA DIVERSIDADE SEXUAL

Tipos de proxectos subvencionables:

- Elaboración de plans, diagnoses ou estudos en materia de igualdade ou conciliación (non implementación)
- Elaboración de manuais e guías en materia de igualdade de xénero.
- Programas e servizos de actividades de fomento da igualdade de xénero e sensibilización sobre a diversidade sexual.
- Programa de actividades de comprensión da maternidade como función social que incidan na necesidade de evitar os efectos negativos sobre os dereitos das mulleres en igualdade de oportunidades

EI-3 FOMENTO DO EMPREGO EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Tipos de proxectos subvencionables:

- Programas formativos de capacitación profesional das mulleres que inclúan itinerarios personalizados e/ou desenvolvan accións de acompañamento e/ou axuda á busca de emprego.
- Requisitos:
- Dirixidos a mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social.
 - Duración mínima de 30 horas formativas de capacitación profesional.
- Programas de fomento do cooperativismo ou autoemprego, dirixido principalmente a mulleres do medio rural, en actividades vinculadas ás potencialidades da contorna, e a procura dun medio rural sustentable.

EI-4 CONCILIACIÓN E RESPONSABILIDADES COMPARTIDAS

Tipos de proxectos subvencionables:

- Programas e/ou servizos de conciliación.
- Requisitos:
- Dirixido a nenas e nenos de ata 12 anos.
 - Ofrecerese fóra do horario escolar, en horario laboral e durante ou abarcando todos os períodos de vacacións.
 - Contará con persoal especializado para a realización de actividades e atencións.
 - Engadirá expresa e obrigatoriamente no seu contido/programa:
 - O obxectivo de traballar a transversalidade da igualdade de xénero.
 - Actividades específicas, dirixidas ao alumnado, do fomento da igualdade de xénero, corresponsabilidades, prevención das violencias de xénero e/ou sensibilización da diversidade sexual.
 - Coidarase a selección musical, de ser o caso, non empregando cancións sexistas.

PROGRAMAS LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Códigos:

EV-1 PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN E IDENTIFICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Tipos de proxectos subvencionables:

- Programas e/ou actividades de sensibilización, prevención e identificación da violencia de xénero en calquera das súas manifestacións, no ámbito comunitario.
- Programas e/ou actividades de sensibilización, prevención e identificación da trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.
- Elaboración de manuais e guías en materia de prevención da violencia de xénero.

EV-2 TRATAMENTO INTEGRAL DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Tipos de proxectos subvencionables:

- Programas de intervención/tratamento integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero e coas súas fillas e fillos e persoas dependentes delas.
- Programas de intervención/tratamento integral coas mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Os programas de sensibilización ou de actividades poden constar de campañas de sensibilización, charlas, xornadas, seminarios, congresos, publicidade, etc. Estes programas terán contidos de calidade e serán coherentes cos obxectivos das bases da convocatoria.

Tendo en conta a inclusión da transversalidade de xénero, poderase solicitar como parte de calquera dos programa recollidos na convocatoria, sempre que se estime necesaria a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, segundo a natureza da actividade, un servizo específico de conciliación. Valorará a adecuación deste servizo o persoal técnico da Sección de Servizos Sociais.

No caso de contemplar a realización de material audiovisual no marco das actividades programadas a entidade recolle-rá na memoria que este ten estrita relación cos obxectivos do programa.

2.1.2. Ámbito temporal

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o **1 de xaneiro e o 31 de decem-bro de 2026**. Polo tanto, unicamente admitiranse xustificantes de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.

Excepcionalmente, para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria, poderán admitir-se xustificantes que sexan expedidos antes do 16 de xaneiro de 2027.

As entidades incluídas no programa non poderán solicitar prórroga nin da execución nin da xustificación da subvención.

2.2. Finalidade

O obxectivo da convocatoria é apoiar ás entidades sen ánimo de lucro para a mellora na implementación de servizos, programas e/ou actividades en materia de igualdade de xénero.

Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar as subvencións neste programa as entidades sen ánimo de lucro que cumpran os requisitos destas bases e os establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

3.1. Requisitos:

3.1.1. Rexistro. A entidade a cumprir cos seguintes requisitos de rexistro:

- Estar rexistradas como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (Decreto 254/11, do 23 de decembro, DOG do 20 de xaneiro de 2012) estando inscritas na Área de Igualdade deste rexistro.
- No caso dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro deberán acreditar que están rexistrados no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Xunta de Galicia.
- No caso das cooperativas sen ánimo de lucro deberán estar rexistradas no Rexistro de Cooperativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, como cooperativas sen ánimo de lucro.
- No caso das ANPAS e Federación de ANPAS, deberán estar rexistradas no rexistro correspondente da Xunta de Galicia.

As entidades que non estean rexistradas nos termos anteriores, deberán solicitar o rexistro previamente á presentación da solicitude da subvención. No momento de presentar a xustificación deberán acreditar o rexistro efectivo.

3.1.2. Autorización administrativa para o inicio de actividades.

Os centros, programas e servizos que deban someterse á autorización administrativa da consellería competente en materia de servizos sociais (segundo o disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia), deberán contar coa correspondente autorización ou tela solicitada con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes. Sen prexuízo do establecido na normativa específica, os ditos centros son os seguintes:

- Centros de atención á infancia e a menores en situación de conflito ou desamparo e os servizos complementarios regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- Ludotecas
- Puntos de encontro familiar.
- Centros de atención a persoas maiores, con discapacidade e dependencia.
- Centros residenciais para mulleres vítimas de maltrato.
- Centros de inclusión e emerxencia social.

No caso que a entidade subcontrate a execución do servizo ou programa deberá comprobarse que a empresa subcontratada conta coa esta autorización.

Cando non se acreditara na solicitude, esta autorización deberá ser acreditada no momento da xustificación.

3.2. Entidades excluídas:

- Entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1. Gastos subvencionables

Serán subvencionables os gastos derivados unicamente da execución da actividade comprendidos nos conceptos incluídos na táboa de contas que figura deseguido.

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA
600	Compra de bens destinados á actividade (material funxible).
621	Arrendamentos e canons.
623	Servizos de profesionais independentes.
624	Transportes (contratación transporte para usuarios/as).
625	Primas de seguros.
627	Publicidade e propaganda.
628	Subministracións.
629	Comunicacións e outros servizos.
640	Soldos e salarios.
642	Seguridade Social a cargo da entidade.
650	Transferencias (axudas monetarias: axudas de emerxencia: subsidios, bolsas, manutención e aloxamento).
653	Compensación de gastos por prestacións de colaboracións (indemnizacións ao voluntariado e outros/as colaboradores/as por gastos de transporte, comida, vestuario, etc. específicos do programa)

Gastos xerais

Poderanse subvencionar gastos xerais sempre e cando non superen o 15% do importe dos gastos específicos admitidos como subvencionables.

Consideraranse gastos xerais, entre outros, os seguintes: os do persoal de servizos xerais (administrativo, contable, limpeza, vixilancia, ordenanzas,...) e gastos correntes (luz, auga, alugueiro, teléfono, internet, aloxamento web, etc.)

Nos casos nos que se xustifique motivadamente, mediante declaración do/a representante legal, que os gastos desta tipoloxía se derivan unicamente da execución do programa, poderán ser considerados como gastos específicos salvo valoración contraria do persoal técnico da unidade xestora.

Gastos de manutención e desprazamento

As indemnizacións por desprazamento e manutención deberán contabilizarse do seguinte xeito:

- Cando sexan abonados a persoal propio ou cargos da entidade na conta 629. Outros servizos.
- Cando se abonen a voluntariado e outros/as colaboradores/as na conta 653. Compensación de gastos por prestacións de colaboracións.

Os gastos de desprazamentos en transporte público ou privado concertados con terceiros directamente pola entidade, que non se inclúan nos apartados anteriores, deberán contabilizarse na conta 624. Transportes

Gastos de persoal

O persoal subvencionado deberá estar contratado segundo a categoría profesional e posto de traballo que corresponda coas súas funcións.

As retribucións do persoal contratado con perfil administrativo serán consideradas como gasto xeral.

Axudas monetarias

No caso do concepto de gasto 650 este só será subvencionable ata o 30 % dos gastos directos. A unidade xestora determinará se estes gastos son ou non subvencionables atendendo ao obxecto solicitado. A porcentaxe que resulte destes gastos no orzamento aprobado na solicitude deberá respectarse na xustificación de gastos.

4.2. Gastos excluídos

Non serán obxecto desta subvencións os seguintes gastos:

- Exclúense dos gastos subvencionables obxecto das solicitudes, cando non correspondan cos obxectivos da convocatoria, os seguintes:
 - a) Os referidos a actividades culturais, deportivas e de lecer e tempo libre.
 - b) As axudas monetarias
- Gastos financeiros e comisións bancarias.

- As axudas de custo de contía fixa. Non obstante, subvencionaranse as indemnizacións ao persoal propio ou voluntario derivadas de gastos de desprazamento e manutención propios do programa, debidamente xustificadas conforme as indicacións do ANEXO II (folla de liquidación de axudas de custo) e dentro dos límites exentos de tributación.
- Gastos de materiais audiovisuais cando este non se utilice exclusivamente para a actividade subvencionada.
- Gastos derivados de litixios.
- Gastos derivados de agasallos e atencións protocolarias.
- Gastos derivados da formación de profesionais.
- Sustancias nocivas para a saúde e gastos suntuarios.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son incompatibles con outras subvencións da Deputación da Coruña, excepto cos seguintes programas:

- FOIOOB: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para investimentos en políticas de xénero, sempre que axusten as dúas peticións aos límites de contía indicados nas convocatorias.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade. Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só una persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

A forma de presentación da solicitude será a que se indica na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na [Política de Privacidade](#) da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1. Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades subvencionadas, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

Para dar por satisfeito este compromiso a entidade deberá acreditar graficamente no momento da xustificación a inclusión do símbolo e logotipo da Deputación da Coruña e de Igualdade de xénero a través das seguintes canles de difusión obrigatorias:

- No material gráfico, polo menos nun dos seguintes: Folletos/carteis de difusión da actividade subvencionada ou información feita no local da asociación.
- Na páxina web ou nunha rede social. No caso de que a entidade non dispoña destas deberá facelo constar na xustificación da subvención.

As obrigas de difusión do apoio da Deputación entenderanse desde a data de concesión ata o pago da subvención.

7.2. No caso de presentar unha solicitude para o programa EV-2 (Tratamento integral das persoas en situación de violencia de xénero) a entidade estará obrigada a informar e coordinarse co concello. No momento da xustificación, a entidade deberá achegar un informe técnico municipal de cada un dos concellos onde realizou as actuacións, no que acredite como informou e como se coordinou co concello, explicando ademáis como levou a cabo as accións.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión**8.1. Valoración das solicitudes**

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva tendo en conta os criterios de valoración recollidos neste apartado.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas nomearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

As funcións de secretaría desta comisión será realizada por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

A composición da comisión técnica aprobarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes, de forma argumentada, por inadecuación argumentada á finalidade e obxecto desta convocatoria ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda. Do mesmo xeito, poderá facelo se identifica contidos de carácter discriminatorio ou vexatorio contra persoas ou colectivos.

A selección das peticións e a contra das subvencións determinarase despois da valoración das solicitudes achegadas de acordo co baremo seguinte:

Puntuación máxima:	100 PUNTOS
A. Coeficiente de financiamento segundo a súa definición, recollida nas bases reguladoras. De tal xeito que, a menor coeficiente, meirande puntuación obtería a entidade solicitante.	Ata 30 puntos
B. Antigüidade da entidade desde a súa constitución · De 10 a 20 anos · De 21 a 30 anos · Máis de 30 anos	Ata 5 puntos 1 punto 3 puntos 5 puntos
C. Calidade da entidade · Por contar coa Declaración de utilidade pública ou ben ser unha fundación · Por contar cunha certificación de calidade vixente, acreditada por unha entidade certificadora, obtida nos tres últimos anos anteriores á presentación da solicitude. · Por contar con premios e/ou recoñecementos outorgados por administracións públicas · (nos últimos 10 anos)	Ata 7 puntos 2 puntos 3 puntos 2 puntos
D. Estabilidade e continuidade , anos que se leva desenvolvendo o programa para o que solicita subvención · De 1 a 5 anos · De 6 a 15 anos · Máis de 15 anos	Ata 6 puntos 2 puntos 4 puntos 6 puntos
E. Procedencia das persoas usuarias directas do programa solicitado · Proceden de dous concellos · Proceden de entre tres e cinco concellos · Proceden de máis de cinco concellos	Ata 5 puntos 1 punto 3 puntos 5 puntos
F. Concellos nos que se presta o programa solicitado · Préstase en dous concellos · Préstase entre tres e cinco concellos · Préstase en máis de cinco concellos	Ata 5 puntos 1 punto 3 puntos 5 puntos
G. O emprego da lingua galega · Presentación da solicitude e toda a súa documentación complementaria en galego · Compromiso do uso do galego na actividade diaria ou cotiá da entidade · Polo emprego da lingua galega na páxina web da entidade e/ou nas redes sociais (blogs, Facebook, r, Instagram, X...)	Ata 7 puntos 2 puntos 2 puntos 3 puntos
H. Cesión dun local por parte da Deputación. Ás entidades solicitantes que teñan cedido un local para o desenvolvemento dos seus servizos por parte da Deputación Provincial da Coruña, descontáraselles 3 puntos da puntuación obtida.	Redución de 3 puntos
I. Proxecto técnico (segundo o recollido no Proxecto descritivo xeral da actividade) co seguinte detalle:	Ata 35 puntos
Obxectivos :Pola descrición de obxectivos xerais e específicos adaptados ás necesidades das persoas usuarias e accións programadas para cumprir obxectivos concretos.	Ata 5 puntos
Metodoloxía : Pola definición das ferramentas, técnicas, procesos e instrumentos, adaptados ás necesidades das persoas usuarias e pola adaptación temporal das actividades previstas aos obxectivos que se han acadar. Pola descrición do proceso avaliativo, coa definición de indicadores específicos e accións programadas para cumprir obxectivos concretos, ferramentas e instrumentos de avaliación.	Ata 10 puntos Ata 5 puntos Ata 5 puntos
Coordinación : Coordinación (interna e externa, con outras entidades de iniciativa social, servizos sociais municipais e/ou con outras administracións a nivel supramunicipal)	Ata 3 puntos

Recursos materiais e técnicos e Recursos humanos Por contar con materiais específicos, emprego das novas tecnoloxías para a difusión do proxecto (web, blogs, redes sociais...), elaboración de materiais propios, etc e contar con persoal especializado para realizar o servizo e/ou actividade	Ata 4 puntos
Transversalidade de xénero: Por contar con medidas específicas de transversalidade de xénero, campañas de sensibilización e prevención, accións formativas, protocolos de actuación, programas/servizos ou medidas específicas de conciliación tanto internas como externas da entidade.	Ata 3 puntos
Calidade técnica: Pola calidade e coherencia xeral do proxecto, desenvolvemento de boas prácticas e accións innovadoras, medidas de atención á diversidade, desenvolvemento estable do programa, etc.	Ata 10 puntos

Para a valoración das solicitudes terase en conta o seguinte:

- **Datos de valoración:** a valoración da solicitude conforme á anterior ponderación farase de acordo co exposto pola entidade no proxecto técnico achegado e no indicado e coa información especificada na solicitude no apartado de “Outros datos”. Onde deberán consignar toda a información requirida na plataforma SUBTEL

Para estes efectos aplicaranse de oficio as correccións valorativas necesarias para evitar a asignación de puntos non xustificadas axeitadamente na propia solicitude da entidade. Co obxecto de favorecer o procedemento de concorrencia competitiva non se lle requirirá a ningunha entidade a ampliación ou modificación dos datos de valoración, salvo que estes sexan necesarios para comprobar que o proxecto se adapta aos requisitos da convocatoria ou retirar da solicitude as partes do proxecto non subvencionables segundo as bases da convocatoria.

- **Declaración de utilidade pública:** a entidade deberá indicar o diario oficial onde se publicou esta declaración, o número de boletín e a data de publicación. De acordo co punto anterior, logo de revisar o boletín sinalado, procederase a aplicar de oficio as correccións valorativas necesarias para evitar a asignación de puntos non xustificadas axeitadamente.
- **Cómputo de anos:** para computar os anos nos criterios de valoración terase en conta a data de fin de prazo de presentación das solicitudes como data de final do período. Cando non se indique a data de inicio do período, non se valorarán os ítems correspondentes.

Criterios de valoración dos premios:

A. Contido do programa premiado: Valoraranse os premios obtidos pola traxectoria da entidade no desenvolvemento de programas en materia de servizos sociais, socio sanitarios e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero.

Non se valorarán os premios de carácter persoal obtidos por membros da xunta directiva aínda que sexa en representación da entidade .

B. Forma de obtención: Valoraranse aqueles premios outorgados por xurados constituídos por persoas expertas ou declaracións oficiais institucionais.

- **Procedencia das persoas usuarias do programa/centro e concellos no que se desenvolverá a actividade:** Para valorar estes apartados deberase especificar cada un dos concellos. Non se valorará outro tipo de referencias xenéricas (comarca, provincia, etc.)

- **Transversalidade de xénero:**

A transversalidade de xénero supón a aplicación e inclusión do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, de tal modo que se garanta o acceso das persoas en igualdade de condicións, se planifiquen as actuacións tendo en conta as desigualdades existentes e se identifiquen e avalíen os resultados producidos para o avance na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes real.

Terase en conta para a valoración as accións previstas a maiores dos requisitos obrigatorios en materia de transversalidade recollidos no artigo 6.1 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e das propias do proxecto presentado.

A inclusión do principio de transversalidade poderá realizarse en cada unha das fases do proxecto e incluírse a través de por exemplo: obxectivos estratéxicos e claros en consonancia co principio de igualdade, accións formativas específicas de igualdade, a posta en marcha de equipos mixtos e equilibrados de traballo, actividades específica de igualdade, a través da formulación de indicadores avaliativos en relación co fomento da igualdade de xénero, incluíndo protocolos relacionados coa materia, plans específicos, medidas de conciliación para o fomento da participación, etc. tanto relativos o proxecto presentado como a accións/servizos da entidade.

A descrición da inclusión do principio de transversalidade de xénero para a súa valoración recollerase no apartado correspondente no modelo de proxecto técnico presentado para a solicitude e na memoria técnica para a xustificación.

8.2. Procedemento de concesión

A concesión das subvencións seguirá o procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e será aprobada por resolución da Presidencia.

Neste programa non se admiten cambios de obxecto.

Todas as modificacións que non supoñan un cambio de obxecto deberán de contar co informe favorable do persoal técnico da unidade tramitadora do expediente.

Base 9. Xustificación e pago

Será de aplicación a conta xustificativa simplificada nos termos do artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9.1 Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2027**, ás 14:00 horas.

9.2. Requisitos para o pagamento

Para o pagamento da achega a entidade deberá xustificar a execución do programa mediante a presentación da documentación recollida no Anexo II e practicándose as reducións oportunas de acordo co artigo 30.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña ou no caso de observarse un exceso de financiamento.

9.3 Perda do dereito e reintegro

Será de aplicación o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións e compromisos

- A entidade que represento **cumpre todos os requisitos** esixidos ás entidades solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención **comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos** recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento non presentou ningunha solicitude de subvención á Deputación da Coruña para o exercicio subvencionado non compatible con esta (só é compatible coa FOIO0B) e comprométese a non solicitar, salvo que nas bases da súa convocatoria expresamente a fagan compatible coa convocatoria FOIO0A ou que renuncien previamente a esta subvención.
- A entidade que represento comprométese a levar a contabilidade e a archivar e conservar a documentación xustificativa segundo o disposto nos artigos 6.3 e 6.4 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.
- A entidade que represento comprométese a facer un **seguimento contable específico** dos gastos e recursos específicos ou afectados do proxecto ou actividade para a que se solicita subvención e a engadir unha **nota específica na Memoria das Contas anuais**, na que se debullen os recursos aplicados a cada unha das actividades realizadas (no caso de que realicen varias)
- A entidade que represento comprométese a utilizar a **lingua galega** no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada (sen que isto exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas), e a dar cumprimento ás obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- Declaro que a entidade que represento non utiliza na súa actividade linguaxe sexista nin emprega a imaxe da muller como reclamo ou con connotacións de tipo sexual ou denigrante e comprométese a tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recoller datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estatísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a respectar nos seus fins, obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento e organización, o **principio de igualdade de xénero e a diversidade**.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as **obrigas de difusión** do apoio da Deputación establecidas na Base 7.
- No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.
- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos **estatutos** adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.
- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos **incursos/as** en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- A entidade que represento non foi sancionada nin condenada por resolución administrativa nin por resolución xudicial firme por incorrer en **discriminación** nos termos establecidos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- A entidade que represento comprométese a solicitar **tres orzamentos** de distintas empresas provedoras, no caso de que contrate cunha mesma empresa provedora un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) pola prestación dun servizo, e a seleccionar un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- A entidade que represento comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa.

- Declaro que a entidade que represento **está inscrita ou solicitou a súa inscrición** no Rexistro Único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro na Área de Igualdade deste rexistro; ou, no caso das cooperativas sen ánimo de lucro, no Rexistro de Cooperativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, como cooperativas sen ánimo de lucro; ou, no caso das ANPAS e Federacións de ANPAS de centros sostidos con fondo públicos, no Rexistro correspondente da Xunta de Galicia. No caso de que non estea inscrita, a entidade comprométese a acreditar a súa inscrición xunto coa xustificación da achega.
- Declaro que a entidade que represento **solicitou ou posúe autorización** da Xunta de Galicia para o funcionamento do centro, servizo e/ou programa obxecto da solicitude (nos casos especificados na base 3 das bases específicas) ou, se é o caso, que se comprobou que a entidade subcontratada que implementará o programa ou servizo conta coa dita autorización. No caso de que non dispoña da dita autorización, a entidade comprométese a acreditar a súa obtención xunto coa xustificación da achega.
- No caso de presentar unha solicitude para o programa EV-2, Tratamento integral das persoas en situación de violencia de xénero, a entidade que represento comprométese a informar e coordinarse con cada un dos concellos onde realice a actividade.

Documentación:

- Certificación acreditativa do **acordo de solicitude, de representación, delegación, cargos e, no seu caso, número de persoas asociadas**.
- Proxecto **descritivo xeral da actividade** que se vai realizar.
Deberán achegarse todos os datos para os efectos de valoración da solicitude. Non se valorarán aqueles apartados que non sexan cubertos.
- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente, no caso de non telos presentados en exercicios anteriores.
- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con **persoas físicas ou xurídicas vinculadas** á entidade: Solicitude de autorización segundo o disposto no artigo 29.7.d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Cando no orzamento da solicitude se sinalen como específicos gastos que puideran ter a consideración de xerais deberá de achegarse unha **declaración de que estes gastos se destinan exclusivamente ao programa financiado e motivar esta circunstancia**.
- No caso de **agrupacións de entidades** (federacións, confederacións,...) deberán achegar unha listaxe das entidades beneficiarias das actividades para as que solicitan a achega. Tamén deberán achegar esta listaxe as entidades que presten servizos a outras ou aos seus usuarios/as con cargo á achega da Deputación.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

Poderase requirir calquera outra documentación complementaria para a tramitación da solicitude de acordo con estas bases.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- Declaro responsable mente que a entidade que represento deu cumprimento as **obrigas de difusión** do apoio da Deputación establecidas nas bases.
- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara contacto habitual con menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.
- A entidade que represento non ten **pendente de xustificación** ningunha cantidade anticipada pola da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.

- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas na base 9 ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento **renuncia** á parte da achega provincial non xustificada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento presenta a **xustificación fóra do prazo** establecido nas bases da convocatoria, acepta a sanción que corresponde segundo a Ordenanza xeral de subvencións e consente en efectuar voluntariamente o pagamento mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).
- A entidade que represento utilizou a **transversalidade de xénero** a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, e, no seu caso, elaborou materiais que fomentan a igualdade, tratou as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e recolleu datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento utilizou a **lingua galega** na comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dou lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación da Coruña.
- Declaro que a entidade que represento cumpriu coas **obrigas e compromisos** asumidos na solicitude

Documentación:

- Acreditación da **delegación de presidencia** e/ou certificación de **cargos** da entidade cando se produciran variacións respecto dos datos expostos na solicitude.
- **Memoria xustificativa.**
- **Relación clasificada dos gastos realizados:** Documento descargable en SUBTeL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos realizados con cargo á subvención no apartado correspondente da xustificación.

No rexistro dos gastos realizados figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e, se é o caso, o efectivamente pagado, así como, se procede, os posibles descontos fiscais.

Deberase ter en conta o seguinte:

- No suposto de que a subvención se xustifique con **gastos de persoal**, indicárase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.
- Se na relación clasificada de gastos apareceran xustificantes derivados de **gastos de desprazamento ou manutención** nos que o acredor non sexa a persoa que executou o dito gasto, deberá engadirse ao concepto de gasto o nome, apelidos e NIF desa persoa e achegar a **folia de liquidación** de axudas de custo asinada por ela. Na memoria deberá de xustificarse a realización destes gastos.

No caso de gastos indemnizatorios por **desprazamentos en vehículos** particulares na folia de liquidación deberá incluír a seguinte información: o itinerario, número de quilómetros percorridos, data, matrícula do vehículo e, no seu caso, número de ticket da peaxe, número de ticket do aparcadoiro.

Os gastos de **manutención** só poderán xustificarse cos datos da factura correspondente.

- No caso excepcional de **axudas de emerxencia ou indemnizacións a persoas físicas** nas que proceda aplicar especial protección da súa identidade segundo a normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, só se indicará o NIF ou número documento identificativo da persoa perceptora como dato identificador. Cando na relación clasificada de gastos apareza o pagamento de axudas de emerxencia en especie, deberá engadirse ao concepto do gasto o NIF ou número do documento identificativo da persoa perceptora. Deberanse ter en conta as seguintes fórmulas:
 - Dado un DNI con formato 12345678X, publicaranse os díxitos que ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima. No exemplo: ***4567**.
 - Dado un NIE con formato L1234567X, publicaranse os díxitos que ocupen as posicións, evitando o primeiro carácter alfabético, cuarta, quinta, sexta e sétima. No exemplo: ****4567*.
 - Dado un pasaporte con formato ABC123456, ao ter só seis cifras, publicaranse os díxitos que ocupen as últimas posicións, evitando os tres caracteres alfabéticos, terceira, cuarta, quinta e sexta. No exemplo: *****3456.

- Dado outro tipo de identificación, sempre que esa identificación conteña polo menos 7 díxitos numéricos, numeraranse estes díxitos de esquerda a dereita, evitando todos os caracteres alfabéticos, e seguirase o procedemento de publicar aqueles caracteres numéricos que ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima. Por exemplo, no caso dunha identificación como: XY12345678AB, a publicación sería: *****4567***
 - Se ese tipo de identificación é distinto dun pasaporte e ten menos de 7 díxitos numéricos, numeraranse todos os caracteres, alfabéticos incluídos, co mesmo procedemento anterior e seleccionaranse aqueles que ocupen as catro últimas posicións. Por exemplo, no caso dunha identificación como: ABCD123XY, a publicación sería: *****23XY.
- Os caracteres alfabéticos, e aqueles numéricos non seleccionados substituiranse por un asterisco por cada posición.
- **Relación dos ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
 - **Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE** e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
 - **Proba documental** dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida e do uso da lingua galega.
 - No caso de que contratase cunha mesma empresa provedora un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) pola prestación dun servizo: Copia dos **tres orzamentos** solicitados e motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.
 - Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
 - Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova **conta bancaria**:
 - Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.
 - Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.
 - Acreditación do rexistro efectivo e autorizacións correspondentes, ás que se refire a Base 3, no caso de non telo acreditado con anterioridade.
 - No caso de programas pertencentes ao **código EV-2**, a entidade deberá achegar un informe técnico municipal de cada un dos concellos onde realizou as actuacións, no que acredite como informou e como se coordinou co concello, explicando ademais cómo levou a cabo as accións, de acordo co establecido na base 7.2.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTELI.

Poderase requirir calquera outra documentación complementaria para a tramitación da xustificación de acordo con estas bases.

A Coruña, 6 de novembro de 2025

Presidente da Deputación Provincial da Coruña

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

Secretario xeral

MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ

2025/7333